

VERÁN  USC 2008

CURSOS E OUTRAS ACTIVIDADES DE EXTENSIÓN CULTURAL



As orixes dos balnearios, *spas* e centros de talasoterapia

# A hidroterapia na Galicia antiga

Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, do 28 ó 31 de Xullo

**USC**  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

VICERREITORÍA DE CULTURA



# Organización

## Directora

Raquel Casal García  
Profesora Titular de Arqueoloxía.  
Directora do Dep. Historia I, USC.

## Secretaría científica do curso

Silvia González Soutelo  
Investigadora Juan de la Cierva do Dep.  
Ciencias de l'Antiguitat i de l'Edat Mitjana da  
UAB.  
Colaboradora do ICAC e da USC.

## Secretaría técnica do curso

Raquel Díaz Ocampo  
Asesora de Turismo de Saúde de Galicia.

## Alumno colaborador

Jose Costa García  
Bolseiro predoutoral. Dep. Historia I, USC.

## Horas

32 horas

## Créditos

2 créditos de libre configuración

## Nº máximo de alumnos

66

## Inscricións

A partir do 22 de abril na páxina web da USC:  
<http://www.usc.es/cultura/cveran08.htm>

## Data límite de inscrición

18 de Xullo

## Sedes

### Luns 28 e Mércores 30

Cidade de Santiago de Compostela.  
Facultade de Xeografía e Historia da USC

### Martes 29

Cidade de Lugo.  
Escola de Maxisterio do Campus de Lugo.

### Xoves 31

Cidade de Ourense.  
Auditorio Municipal de Ourense.

# Relatores

## Prof. Dr. Gonzalo Matilla Seiquer

Profesor de Historia Antiga da Universidade de  
Murcia.

## D. Luis Ovejero Ovejero

Médico-director do balneario de Archena  
(Murcia).

## Prof. Dra. Isabel Rodá de Llanza

Catedrática de Historia Antiga e Arqueoloxía da  
UAB. Directora do Institut Català d'Arqueologia  
clásica (ICAC).

## Prof. Dra. Rosa Meijide Faílde

Catedrática de Hidroloxía Médica.  
Universidade da Coruña.

## Prof. Dra. Lourdes Mourelle Mosqueira

Licenciada en Farmacia. Departamento de  
física aplicada da Universidade de Vigo.  
Especialista en usos estéticos dos produtos  
termais.

## D. Tomás Ares Güimil

Médico. Director del GRUPOTESAL.  
Especialista en hidroloxía médica.

## D. Mario Crecente

Arquitecto. Director de Crecente & Asociados.  
Especialista en dinamización e rehabilitación  
de edificios de baños.

## D. Gonzalo Meijide Comeselle

Arqueólogo territorial da Consellería de  
Cultura da Xunta de Galicia en Lugo.

## D. Celso Rodríguez Cao

Arqueólogo. Director da empresa de  
arqueoloxía Revve.

## Prof. Dra. Yolanda Pérez Sánchez

CESUGA. Especialista en historia da arte  
moderna e contemporánea do balneario de  
Mondariz-Balneario.

## Dra. Silvia González Soutelo

Investigadora Juan de la Cierva de la UAB.  
Especialista en balnearios romanos.

## D<sup>a</sup>. Mónica Crisóstomo Besada

Consultora de Crecente & Asociados.  
Especialista en centros de talasoterapia e  
historia dos baños de mar.

# Motivación do curso

Na actualidade vivimos un renacer das actividades relacionadas coa hidroterapia, nas que a auga funciona como axente de curación xa non só do corpo, senón tamén da mente, a partir da creación dunha serie de establecementos que, por medio dos recursos hídricos presentes nun territorio (minerais ou non), dan resposta a esta demanda pública.

Cando profundizamos na natureza actual destes edificios de baños, tanto no caso dos complexos onde se explotan augas mineromedicinais (balnearios), como nos edificios que empregan auga común (*spas*) ou auga do mar (centros de talasoterapia), as confusións terminolóxicas, funcionais e sociais son constantes. En moitas ocasións esquecemos de onde xurdiron esas prácticas e cales eran os seus obxectivos.

Neste curso preténdese formular un estado da cuestión dende unha perspectiva totalmente novidosa, distinta da visión máis coñecida médico-terapéutica ou lúdica destes espazos, xa que o feito de coñecer as orixes e a evolución histórica destas prácticas aporta unha nova luz cara a identificación e a comprensión deste tipo de establecementos.

Dende unha ollada ó mundo antigo, principalmente en época romana, presentarase unha contextualización dos balnearios, *spas* e centros de talasoterapia –sobre todo no caso galego- coa intención de recoñecer no pasado as prácticas actuais. Farase fincapé na importancia histórica destes edificios e a súa evolución ata a actualidade, presentando modelos da súa posta en valor, co fin último de salientar o interese patrimonial, arqueolóxico e turístico deses espazos como valor engadido á súa riqueza médica e lúdica.

## Destinatarios

Dado o interese que pode suscitar esta temática dende diversos ámbitos, este curso diríxese a alumnos e docentes (principalmente das áreas de coñecemento de Artes e Humanidades e de Ciencias da Saúde); a todas aquelas persoas que teñan unha relación directa ou indirecta cos establecementos de baños actuais (concellos, empresarios, médicos, empregados, técnicos,...); así como ó público en xeral interesado en coñecer as orixes e a evolución dos mesmos.



# Programa

**Luns, 28 de Xullo (Santiago de Compostela)**

## **O concepto de balneario, spa e centro de talasoterapia no mundo antigo e na actualidade**

- 10:00 Entrega da documentación  
11:30 Inauguración oficial  
12:00-13:30 *Os antecedentes dos balnearios, spas e centros de talasoterapia no mundo antigo. Un modelo de explicación.* Dra. Silvia González Soutelo  
16:00-17:30 *Diferenzas entre as augas mineromedicinais / auga do mar / auga común Aplicacións e usos dunha práctica milenaria.* Prof. Dra. Lourdes Mourelle  
18:00-20:00 Coloquio sobre o pasado e presente dos balnearios. A visión de futuro  
D. Ruben Lois González. Director Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia. D. Luís Rodríguez Míguez. Académico Numerario da Real Academia de Medicina e Ciruxía de Galicia, titular da cátedra de Hidroloxía Médica. D. Ramón Braña Coba. Presidente da Asociación de balnearios de Galicia. Director do Gran Hotel Hesperia da Toxa. Prof. Dra. Raquel Casal García. Profesora Titular de Arqueoloxía. Directora do Departamento de Historia I (USC)

**Martes, 29 de Xullo (Lugo)**

## **Nas orixes dos edificios de baños. Historia e arqueoloxía**

- 08:00 Saída do autobús cara a Lugo  
10:00-11:30 *A historia social e cultural dos balnearios e as termas a través dos seus testemuños escultóricos e epigráficos.* Prof. Dra. Isabel Rodá de Llanza  
12:00-13:30 *As escavacións no balneario de Lugo Estado da cuestión.* Gonzalo Meijide Cameselle  
13:30 Visita ó balneario romano de Lugo  
16:00-17:30 *As evidencias arqueolóxicas dos balnearios a partir do exemplo singular de Fortuna (Murcia).* Prof. Dr. Gonzalo Matilla Séiquer  
18:00-19:30 *Unha proposta sobre a integración do patrimonio arqueolóxico nos balnearios actuais: o caso de Archena (Murcia).* D. Luís Ovejero  
19:30-20:00 Coloquio.

**Mércores, 30 de Xullo (Santiago de Compostela)**

## **Evolución histórica dos edificios de baños entre os séculos XIX e XX**

- 10:00-11:30 *A moda dos balnearios en Europa e en Galicia Evolución e progreso.* Prof. Dra. Rosa Meijide Falde  
12:00-13:30 *Paradigmas da evolución histórica dos balnearios galegos: O caso da Illa da Toxa.* D. Tomás Ares Güimil  
16:00-17:30 *Paradigmas da evolución histórica dos balnearios galegos: O balneario de Mondariz (1873-1931). "Historia de una villa termal"*  
Dra. Yolanda Pérez Viñas  
18:00-19:30 *Evolución dos edificios de baños de ondas de mar: O caso concreto de Galicia.* Dña. Mónica Crisóstomo  
19:30-20:00 Coloquio

**Xoves, 31 de Xullo (Ourense)**

## **Ourense: Un plan estratéxico termal dende o pasado cara ó futuro**

- 08:00 Saída do autobús cara a Ourense  
10:00-11:00 *O proxecto termal de Ourense. O seu plan estratéxico termal: O futuro dunha cidade.* D. Mario Crecente  
11:00-12:00 *Unha aproximación ás escavacións das Burgas de Ourense.*  
D. Celso Rodríguez Cao  
12:30-14:00 Visita á área das Burgas de Ourense  
16:00 Saída cara ó balneario de Laias. Charla sobre A integración dos balnearios actuais en Galicia: O Grupo Caldaria. Visita ás instalacións.